



NOTA INFORMATIVA

[ICA Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017]

1. XORNADA: “OS PROCESOS DE FAMILIA DE ACORDO COA DOCTRINA XURISPRUDENCIAL ACTUAL DO TRIBUNAL SUPREMO: GARDA E CUSTODIA, ATRIBUCIÓN DA VIVENDA, ALIMENTOS...”

Día: xoves, 28 de setembro

Hora: 18.30 h

Lugar: salón de actos do ICA de Santiago

Inscripción: gratuíta para colexiados do ICA Santiago; 50 € para demais persoas

Relatora: **Marta Belén Rabadán Torrecilla.** Licenciada en Dereito pola Universidad Complutense de Madrid, é maxistrada titular con destino actual no Xulgado de Primeira Instancia Núm. 3 de Córdoba, de Familia, desempeñando funcións en comisión de servizos como letrada do Gabinete Técnico do Tribunal Supremo, Sala Civil. Letrada titular da Administración de xustiza en situación de excedencia por servizo activo na carreira xudicial como maxistrada. Tamén é profesora asociada na Universidad de Valencia impartindo clases de Dereito procesual penal e civil, así como docente en másters universitarios e relatora en numerosos cursos.

Resumo do relatorio:

1. Recurso de casación como xerador de xurisprudencia en materia de familia: tratamento procesual do recurso; técnica casacional; elementos que integra no interese casacional; o interese casacional en materia de familia.
2. Doutrina xurisprudencial actual da Sala Primeira do Tribunal Supremo, sobre as diferentes medidas que se adoptan ante situación de crises da parella: garda e custodia; atribución da vivenda; alimentos; gastos extraordinarios; réxime de visitas; pensión compensatoria; modificación de medidas.

2. CURSO: “A MEDIACIÓN NO ÁMBITO DOS CONFLITOS VECIÑAIS”

A partir do convenio asinado co Concello de Santiago de Compostela en materia de vía previa administrativa e laboral e mediación en conflitos veciñais, o Colexio está a organizar para principios do mes de outubro un curso dirixido a formar os letrados que prestan este servizo e letrados en xeral, así como outros profesionais relacionados (psicólogos, funcionarios de servizos sociais do concello etc.).

Nunha próxima circular detallarase o programa coas datas e horarios.